



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO PICO SECO
Promotor	AEROGENERACIÓN GALICIA, S.L.
Localización	CONCELLOS DE LALÍN (PONTEVEDRA), O IRIXO (OURENSE)
Expediente	IN661A DXIEM-04/11

SOLICITANTE: Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS:

- O Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 01/12/2021 e número de rexistro de entrada 2021/2250790, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 05/04/2022 e número de rexistro 2022/740648 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 06/07/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1424076, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da traslado da resposta do promotor ó informe desta Dirección Xeral de data 05/04/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros

organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos a maioría dos requirimentos feitos no informe previo, non obstante, segue sendo necesario que se aporte información de aspectos que poden ter repercusión sobre a saúde da poboación:

- Co respecto ao estudo acústico:

Deberá presentar o resultado do estudo acústico realizado, tendo en conta os niveis estimados debido ao funcionamento dos aeroxeradores e ao ruído de fondo da zoa, medido no estudo preoperacional.

Deberá contemplar as medidas correctoras e protectoras a aplicar en caso de superar os limiares establecidos, en fase de explotación.

Con respecto aos posibles efectos acumulativos ou sinérxicos en relación a outros parques da contorna, deberá presentar unha estimación tendo en conta as mesmas características que as contempladas para o estudo acústico.

- Co respecto ao cumprimento da Directiva 2014/30/EU en materia de compatibilidade electromagnética:

Non consta a documentación que xustifique o cumprimento das turbinas como dos equipos relacionado con respecto o establecido na Directiva 2014/30/EU para avaliar o seu impacto sobre a saúde.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A subdirectora xeral de Programas de Control
de Riscos Ambientais para a Saúde

Inés Mato Naveira

